

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DE APERTURA DOS SOBRES

Reunidos na Sala de reunións, o día 6 de xullo de 2015, ás 10.30 horas, constitúese a mesa de contratación para a adxudicación do contrato de servizos de de recollida selectiva de papel-cartón, transporte e tratamento destes, así como a recollida de residuos voluminosos (enseres, colchóns, ...), formada por:

PRESIDENTE: María Manuela Fernández Louro, concelleira.

VOCAIS:

- Antonio Martínez Domínguez, Arquitecto asesor do Concello de Corcubión.
- M^a Lourdes Castro Pena, Secretaría-interventora do Concello de Corcubión.
- María del Carmen Trillo Mouzo, auxiliar administrativa de Secretaría.
- Norberto Pais Redonda, ADEL do Concello de Corcubión.

SECRETARIO: Angelica Ayala Oca, auxiliar administrativa do Concello de Corcubión.

Non asiste público o acto de apertura.

Despois da constitución da mesa, a secretaria procede ao recuento das proposicións presentadas e á súa confrontación coa certificación de proposicións e comunica o número de proposicións recibidas na forma e prazo correspondentes e o nome dos licitadores. As empresas que presentaron oferta son:

- Gestión de residuos Vimianzo S.L.
- Juan Jose Oca Canosa
- Servicios dos Concellos Galegos S.L.
- Cogami Reciclado de Galicia, S.L.

Procédese a continuación á cualificación previa dos documentos achegados no tempo e forma correspondentes e a presidenta ordena a apertura dos sobres «A», que fan referencia á documentación administrativa, cláusula 12.1 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).

A presidenta acorda proceder a examinar formalmente a documentación presentada e o secretario dá fe da relación de documentos que constan, sendo estes os seguintes:

- Gestión de residuos Vimianzo S.L.

Consta a documentación administrativa esixida nos pregos na cláusula 12.1.

- Juan Jose Oca Canosa

Non consta completa a documentación administrativa esixida nos pregos na cláusula 12.1, se ben non procede realizar requirimento de subsanación, xa que neste sobre presenta “Memoria do Servizo” e oferta económica, documentación propia dos sobres B e C, e en aplicación dos pregos procede rexeitar a oferta. En conclusión, resulta de aplicación o establecido no último parrafo da cláusula 12.1, “A inclusión errónea de documentación que deba estar incluída no sobre B no sobre A implicará automaticamente o rexeitamento da proposicións.”

- Servicios dos Concellos Galegos S.L.

Consta a documentación administrativa esixida nos pregos na cláusula 12.1.

- Cogami Reciclado de Galicia, S.L.
- Consta a documentación administrativa esixida nos pregos na cláusula 12.1.

A mesa de contratación declara admitidas a seguintes proposicións presentadas:

- Gestión de residuos Vimianzo S.L.
- Servicios dos Concellos Galegos S.L.
- Cogami Reciclado de Galicia, S.L.

A mesa de contratación declara rexeitas, as seguintes proposicións presentadas:

- Juan Jose Oca Canosa

No expediente de contratación quedan todas as proposicións presentadas, tanto as admitidas como as rexeitadas.

Visto que non é necesario solicitar os licitadores ningunha subsanación por estar completa a documentación, procédese á apertura do sobre «B», procedéndose a valoración no mesmo acto dado que forman parte da mesa os servizos técnicos municipais, de acordo coa cláusula 15.1, 15.2 e 15.5.

O resultado da valoración é o seguinte:

1.- Gestión de residuos Vimianzo: 10 puntos.

a) Organización do servizo proposta: Documentación insuficiente, que non da resposta axeitada os criterios de adxudicación definidos nos pregos.

5 puntos.

b) Melloras medioambientais: Non se propoñen melloras medioambientais salientables respecto o establecido nos pregos. Documentación insuficiente.

5 puntos.

2.- Cogami Reciclado de Galicia S.L.: 48 puntos.

a) Organización do servizo proposta: A documentación é bastante completa, examinando todos os puntos contidos na cláusula 15.1.

En relación cos puntos detallados no prego, destacar para realizar a valoración o aumento de frecuencia na recollida de papel-cartón, pasando de dous a catro mensuais. Así mesmo, os lavados de colectores, que non aumenta a frecuencia proposta nos pregos e ademais exclúe os soterrados. Na memoria do servizo non aparecen novas propostas de ubicación de colectores e o grafismo utilizado é deficiente; ademais tampouco aparece proposta de ruta de recollida.

Os medios materiais e persoais propostas considéranse axeitados para a prestación do servizo en termos xerais, así como os controis de calidade, informatización e atención os usuarios.

24 puntos

b) Melloras medioambientais: A documentación é bastante completa, examinando todos os puntos contidos na cláusula 15.2.

Segundo a descrición que realizan do servizo, realizarase de xeito que se reduza o máximo posible o impacto medioambiental na súa execución; así mesmo afirman contar con certificacións ISO 14001.

Na Memoria presentada describen unha serie de melloras; si ben o noso entender, non afectan a prestación do servizo realmente: unha visita o Ecoparque (con custe para o Concello polo traslado), recollida e trituración de documentos con certificado para o Concello(o Concello xa conta con trituradora de papel), así como o subministro de un contedor para que sexan operarios do Concello os que realicen a recollida de voluminosos e os depositen no contedor. Este último punto non se pode considerar unha mellora medioambiental tal e como propoñen, pois a realización do servizo polo Concello terá custe económico e ambiental.

24 puntos.

3.- Servicios dos Concellos Galegos S.L.: 56 puntos.

a) Organización do servizo proposta: A documentación é moi completa, examinando exhaustivamente todos os puntos contidos na cláusula 15.1.

En relación cos puntos detallados no prego, destacar para realizar a valoración, o aumento de frecuencia na recollida de papel-cartón, pasando de dous a catro mensuais, deixando a porta aberta a novas propostas en función das necesidades. Así mesmo, os lavados de colectores, aumentando a frecuencia proposta nos pregos, de tres a catro anuais e ademais non exclúe ningún colector. Na memoria do servizo aparecen novas propostas de ubicación de colectores de xeito xustificado e o grafismo utilizado é claro e preciso; aparece proposta de ruta de recollida, de xeito claro e comprensible. Ademais propoñen recollidas urxentes de voluminosos a petición do Concello con prazo de resposta moi reducido.

Os medios materiais e persoais propostos considéranse axeitados para a prestación do servizo en termos xerais, así como os controis de calidade, informatización e atención os usuarios.

28 puntos.

b) Melloras medioambientais: A documentación é moi completa, examinando exhaustivamente todos os puntos contidos na cláusula 15.2.

Segundo a descrición que realizan do servizo, realizarase de xeito que se reduza o máximo posible o impacto medioambiental na súa execución, afirman contar con certificacións ISO 14001 e describen de xeito exhaustivo cales son os sistemas para reducir a contaminación, como por exemplo nos vehículos.

Na Memoria presentada describen unha serie de melloras a destacar, que si afectan a prestación do servizo: o aumento de frecuencias no lavado de colectores, o servizo de recollida de papel-cartón porta por porta, stock de contedores a instalar a petición do Concello por circunstancias excepcionais e describen de xeito exhaustivo os sistemas de redución de impacto ambiental.

28 puntos.

A continuación procédese á apertura dos sobres «C» (proposición económica), co seguinte resultado:

1.- Gestión de residuos Vimianzo: 40 puntos.

Puntuación = Pb (Om / Oc)
40(6.818,18/6.818,18)

2.- Cogami Reciclado de Galicia S.L.: 38,99 puntos.

Puntuación = Pb (Om / Oc)
40(6.818,18/6.995)

3.- Servicios dos Concellos Galegos S.L.: 35,60 puntos.

Puntuación = Pb (Om / Oc)
40(6.818,18/7.660,37)

Despois da valoración dos criterios cuxa ponderación depende dun xuízo de valor (sobre «B») e dos criterios cuxa cuantificación é automática (sobre «C»), obtivéronse os seguintes resultados:

- Gestión de residuos Vimianzo S.L.: 50 puntos
- Servicios dos Concellos Galegos S.L.: 91,60 puntos
- Cogami Reciclado de Galicia, S.L.: 86,99 puntos.
-

Polo tanto, a mesa propón ao órgano de contratación a adjudicación, por obter a puntuación máis alta, á proposición presentada por **Servicios dos Concellos Galegos S.L.**

A presidenta dá por terminada a reunión ás 14.30 horas e, para que quede constancia do tratado, eu, a secretaria, redacto a acta, que someto á sinatura do presidente e dos vogais, e dou fe.

Corcubión, 6 de xullo de 2015.

PRESIDENTA:

M^a Manuela Fernández Louro

VOCAIS:

Antonió Martínez Domínguez


M^a Lourdes Castro Pena

SECRETARIA:

Angelica Ayala Oca



M^a del Carmen Trillo Mouzo



Norberto Pais Redonda